

Por que Steiner?

Ensaio Os artigos de Steiner ancoran no cosmopolitismo ilustrado e nunha moral xa caduca



Punto de vista // Antoni Abad

O sentido do humor é o único que podemos doarlle a un moralista, e iso é algo do que George Steiner sabe tirar proveito. Comprendémolo no que tal vez sexa o acerto expresivo máis grande deste volume, no que Robert Boyers prologa e reúne as recensións que publicou periodicamente no *The New Yorker*, entre os anos 1967 e 1997. Falando de Anton von Webern, Steiner refírese á confianza que o músico, estrañado pola recepción dalgunhas das súas obras, lle fixera a un alumno: “Algún día, no futuro, mesmo o carteiro ha asubiar as miñas melodías”. E o crítico conclúe: “dado o carácter dos nosos servizos postais, este non vai ser o caso”. É notable o sentido da ironía e, no entanto, o humor non sempre abonda. Que

quería dicir exactamente Steiner coa perífrase “o carácter dos nosos servizos postais”?

Ese é o problema que teñen os sabios: adoitan dalo todo por suposto. A lectura da escolma dá testemuño da inmensa cultura ilustrada dun cidadán cosmopolita, e é raro o libro do que non poida extraerse algo de valor. Probablemente moito, neste caso. A cuestión é a que prezo. Ao prezo de hipostasiar o Holocausto como se fose a única cuestión política do pasado século? Ao prezo de inferir que a homosexualidade de Anthony Blunt explica a súa sensibilidade na crítica de arte? Ao prezo de considerar que Simone Weil é “a primeira muller entre os filósofos”? A moi cuestionable vinculación entre pensamento e masculinidade dá testemuño do antifeminismo dende o que está escrito

este último artigo. A isto hai que sumar a tendencia, dificilmente disculpable nun teórico da cultura, á gratuidade de certas inferencias psicolóxicas (tales como a atribución a Weil dunha “negación da sexualidade e do seu propio sexo”), así como a confusión entre autocrítica e antisemitismo en certas obxeccións da filósofa á tradición hebraica. Por contraste, as palabras de Weil, que el mesmo cita, resoan hoxe cunha estraña calidade anticipadora, nun intre en que Gaza non fica tan lonxe da Shoá: “Se os hebreos, como pobo, levasen a Deus dentro deles, preferirían sufrir a escravitude imposta polos exipcios –e provocada polas súas exaccións– que gañar a liberdade masacrando todos os habitantes do territorio que habían de ocupar”. O probable autoodio de Weil –deducible do termo ‘exac-

cións’– non debería eximir a Steiner de tratar coa mesma sensibilidade a Nakba palestina que o Holocausto xudeu. Formulándoo nos termos da propia constitución da moderna teoría crítica, cómpre reparar no feito de que Steiner é só cinco anos máis vello ca Edward Said. Quere iso dicir que un mestre non pode aprender nada dun discípulo? Moi ao contrario. Xa os vellos humanistas se prezaban de contraer débedas non só cos sabios que os precederan, senón sobre todo cos seus contemporáneos.

O problema non é tanto que George Steiner sexa un moralista como que a súa moral xa non é a nosa. Nun tempo en que cada vez volven estar máis presentes as relacións entre a literatura e a ética, a literatura e a política ou a literatura e o dereito (cavilemos no último ensaio de Claudio Magris), a axenda marcada por Steiner neste ámbito resulta un tanto inactual, cando non francamente inoportuna. O seu rexeitamento a calquera forma de acción social afastada dos ideais da democracia liberal burguesa ou o xeito en que tende a interpretar en clave mística cuestións como as catástrofes ecolóxicas dan a medida da súa capacidade de concreción na análise política. Como contrapeso, a súa agudeza e a habilidade coa que emprega a sentenza (“Lévi-Strauss resulta ser un artista do desdén”) case nos reconcilian co estilo ilustrado e coa distancia olímpica cos que adoita aprehender os problemas do mundo.

Historicamente o tradicionalismo non foi estraño aos pensadores da literatura. Samuel Johnson, se cadra aínda o mellor crítico de Shakespeare, e autor de numerosos panfletos políticos, foi tamén un virtuoso do conservadorismo. Mediados os anos noventa, os inimigos de Harold Bloom atoparon na súa obra *The Western Canon* unha ocasión para denunciar o nesgo fundamente elitista do saber humanístico. Aínda que poidamos gozar da lectura de Johnson, de Steiner e de Bloom, como podemos gozar de calquera obxecto de intelixencia ou de beleza producidos pola man humana, xusto é recoñecer que, por tras desas “palabras, palabras e pa-

labras” están tamén os excluídos e as excluídas da intelixencia e da beleza. Por fortuna certa teoría da literatura comprendeu a tempo que “a comparación non é unha razón”, e que o cosmopolitismo ilustrado adoito reproduce e perpetua as relacións de poder.

Prefiro non aventurar cales puideron ser as razóns de Xerais para traducir este volume. Dende un punto de vista lóxico, o libro só cobraría sentido baixo as seguintes condicións: a) en tanto apéndice das obras completas de George Steiner; b) en tanto curiosidade chamada a circular nun campo cultural que, como o latinoamericano, xa tivese coñecido a Steiner de vello; c) en tanto reclamo nunha comunidade que, como a catalá, o venerase a distancia. Non cumpríndose, aquí e agora, ningunha desas tres condicións, a unha só lle resta preguntar “por que Steiner”? (Asumo implicitamente a premisa de que o morbo non debería ser un criterio editorial). É unha mágoa que o talento das tradutoras –notable na maior parte dos casos e extraordinario en non poucos– non fose aplicado a obras como *Antigones*, *The Death of Tragedy* ou *In Bluebird's Castle*. Na lapela, no entanto, anúnciase unha versión futura do *After Babel*. De novo, por que non algo de Judith Butler ou de Gaiatri Spivak? O poeta escribiu: “América, as túas bibliotecas están cheas de lágrimas”. Unha compréndeo ben cando, ao ler as referencias aos libros de que Steiner escribe recensión, *The New Yorker* considera importante indicar o seu exacto prezo en dólares. Dado o innegable talento dalgúns editores estadounidenses para os cartos, seguro que eles non choran polo estado xeral das políticas de tradución.

// María do Cebreiro Rábade Villar

**George Steiner en
The New Yorker**
George Steiner,
Lara Domínguez,
Patricia Buján, Saleta
Fernández (trad.) ·
Xerais, 2010 ·
408 páx · 26 euros

